

Curso 2025 – 2026

- Que debes traer cando teñas educación física?

- ★ **Roupa deportiva** (chándal, camiseta, maias...).
- ★ **Calzado deportivo limpo** nunha bolsa. Será de velcro para os que non saiban atar os cordóns (**non ten que ser novo!!*).
- ★ **Material de aseo** nunha bolsa, neceser ou mochila pequena, que conteña: calzado limpo, camiseta limpa, toalla pequena (tamaño bidé ou lavabo) e un pequeno bote de xabón líquido ou xel (todo o material debe levar o nome do alumno/a.).

- En que consiste o aseo?

- ★ Un pequeno lavado de mans e cara.
 - ★ Secar o suor do peito e axilas e cambio de camiseta e calzado.
- No caso de perda dalgunha prenda ou toalla, pregunta á conserxe do colexio ou busca na cesta de obxectos perdidos.

GRAZAS!!



QUE DÍAS TEMOS CLASE DE EDUCACIÓN FÍSICA?

CURSO	DÍAS DA SEMANA	
1º	MARTES	VENRES
2º	LUNS	XOVES
3º	LUNS	MÉRCORES
4º	LUNS	VENRES
5º	MÉRCORES	VENRES
6º	LUNS	MÉRCORES

- Cando non poidas participar na clase de educación física por problemas de saúde ou calquera outro, debes:
 - Traer UNHA NOTIÑA DOS TEUS PAIS/TITORES, ou do médico.
 - Tamén vale que os teus pais/titores llo digan ao mestre Sergio.
- POR MOTIVOS DE HIXIENE E SAÚDE DEBEMOS ASEARNOS E CAMBIAR A CAMISETA AO REMATAR A CLASE.
- O XIMNASIO É DE TODOS E TODAS E DEBEMOS COIDALO, POLO QUE É OBRIGATORIO TRAER CALZADO LIMPO NUNHA BOLSA OS DÍAS DE EDUCACIÓN FÍSICA.
- SÉ PUNTUAL E RÁPIDO NO MOMENTO DO ASEO!!
- O obxectivo principal das clases de Educación Física é o de APRENDER XOGANDO.
- Atende ás explicacións do mestre e se non entendes algo, PREGUNTA! .

Ante calquera dúbida, poñédevos en contacto comigo,

Un saúdo, SERGIO.